

AS DESAGRADECIDAS (1): A PERSOA QUE DI NON

Como o dirías? / Por certo, como se chama? / Sophie. / O que faltaba. / Non sei... empregada do fogar, gobernanta. / Vesme dicindo "a miña gobernanta"? / Agora en serio, querida... é un termo gratificante. / Moza para todo. / Moza para todo, quen presumiría diso? / Es un idiota. / Están boísimas. / Si. / Sabe cocíñar, a criada? / Que non se che escape iso. Segundo di, mesmo se lle dá ben. / Está a proba, ou? / Non, son idiota e esquecín dicirillo. Pero seguro que todo irá ben. Presintoo. E aquí precisase alguén. / Está claro. / Agardo que non sexa moi fea. / Queres estrearte con ela? / Ao mozo gústalle o belo. O comentario é adecuado. / Grazas, Georgo. / De nada. / E agora agardamos a resposta correspondente. / Escoitade... Non teño nin idea. Non me fixei. Pero non é horrenda, decatárame. / Agardo que sexa mellor que a da semana pasada. / Nada que ver. Rematastes? / Si. / Xa non queda nada. / Poderedes xulgala a partir do martes. Vén no tren das nove.

A cerimonia, (Claude Chabrol, 1995)

AS DESAGRADECIDAS

As desagradecidas medrou a partir de dúas rupturas coa orde. De dúas posicións de defensa e de ataque. As de dúas personaxes interpretadas por Sandrine Bonnaire. Mona en *Sen teito nin lei* de Agnès Varda e Sophie n' *A cerimonia* de Claude Chabrol. Unha vagabunda e unha "moza para todo". A elas fóronse sumando na miña cabeza outros personaxes de finais do século XX coma Benny, o d' *O vídeo de Benny* de Michael Haneke e o ciclo completouse nas asembleas do Cineclub de Compostela. Está construído, o ciclo, a partir dun ruído que se cadra cada quen oe a súa maneira: o de non ser agradecidas.

Aínda que unidas pola tranquilidade –frialdade?– dos personaxes nos momentos de clímax, as historias de ficción de Mona, Benny e Sophie son ben diferentes. Pero seguro que de acontecer nalgues (que poderían) algún bruto –comentando o suceso co veciño ou coa reporteira da televisión– definiría aos nosos personaxes co mesmo termo: Malnacido. Malnacida. Non así os directores destes filmes. As conexións están na exposición da acción non organizada, na exhibición do momento de ruptura. Da fenda. Nos filmes de Chabrol ou Haneke nós asistimos ao suceso e ao que o precede. Agnès Varda avisa: "Non hai xuízos feitos nin se impoñen un tipo de ideas". Vemos qué acontece e o demais, a toma de posición, é cousa nosa.

Xiana Arias

OS DESAGRADECIDOS

O desagradecido fundamentaríase por oposición. Non sería, daquela, un acto illado, excluído; mais tampouco, pola súa propia dinámica relacional, disidente, nin sequera independente. A súa catadura, politicamente, tería difícil coutación. Implicaría, iso si, un certo desdén. Un xesto discordante. Estabelecendo unha comunicación incómoda, arisca. O dicionario trasládanos que arisco significa esgrevio, intratábel. Se cadra sería de utilidade engadir que comparte a súa raíz co termo aresta. Sendo literais, desagradecido non é outra cousa que alguén non agradecido. E que significa agradecer? Pois recoñecer, corresponder, ou gratificar, premiar e satisfacer, tamén dar as grazas. Dar as grazas.

Un trazo que agrada é, dun xeito ou outro, fermoso. Un aspecto que se ofrece aos nosos sentidos, e cáptaos. Ráptaos. Enchéndoos, e, por tanto, atoándoos. A beleza sería, dese xeito, un reclamo.

A graza. Uns dállela a outros. Concédennllela, recoñécennllela. Con iso chégalles. Aos agraciados. Aos, daquela, agradábeis. Chega tanto que enche, que logra ter moito peso, até practicar unha modificación nas condutas. Facendo delas estratexias. Un patrón, unha pauta que repetir. Algo encamiñado á consecución dunha ganancia, previamente testada. No acto de agradecer habería, así, dobre proveito. O receptor tiraría o mellor froito; pero o que agradece, coma un obxecto exposto a algún tipo de rebote, de retro-alimentación, veríase beneficiado. Cando menos co favor, a atención, ou a simple presenza do outro.

Un desagradecido puro sería un ser ingrato; un asocial, de semente déspota. Un intencionado, descontinuo, porén, podería estar marcando unha distancia, ou visibilizando unha fenda. Podería, tamén, pretender rachar certa secuencia, ou cando menos subvertela, reordenala. Quizais estivese cuestionándose trasladar unha mensaxe. Quizais fose alguén que quixese chamar a atención sobre algo. Aí. Nesa cadea.

Antonio Doñate

A PERSOA QUE DI NON

Sans toit ni loi recibiu o León de Ouro do festival de cine de Venecia en 1985. Agnès Varda, baixa, de mirada curiosa e segura, está satisfeita cos resultados e coa acollida da súa última longametraxe, realizada case 10 anos despois da anterior.

Pregunta. Desde 1976 non se estrea unha longametraxe de Agnès Varda, pero si realizou varias curtas. Cal é o papel das curtas dentro da súa filmografía? Serven coma reflexión?

Resposta. Penso que efectivamente son unha especie de reflexión, porque a longametraxe, que se distribuirá dentro dun circuito comercial, aínda que parta dunha reflexión, é obrigatoriamente espectáculo. Agárdase sempre que un espectáculo sexa máis popular, capaz de dar pracer, de impresionar, de emocionar a xente de diversas categorías. As miñas curtas son totalmente libres. Cando fago unha curtametraxe, que polo xeral é o resultado dunha inspiración violenta e dunha idea, fágoa rapidamente e non me pregunto se terá aceptación entre o público nin se se poderá distribuír en todo o mundo. Mesmo para a súa financiación, non é difícil atopar quen che dea cartos. En Francia hai un comité que dá diñeiro para as curtas. Está tamén a televisión, que as merca. A financiación das

longametraxes é moito máis difícil. Despois de facer cine durante trinta anos e logo de contar con certo prestixio, considéraseme unha especie de besta negra do cinema. Os produtores aínda teñen medo dos meus filmes despois de que se vendesen e distribuisen ben. Non é tanto polos temas que trato, se non polo meu estilo, pola miña escritura do cinema. É evidente que non favorezo os decorados, a historia, o melodrama, a acción. Trato de describir o escenario de xeito que aparezan na espectadora as emocións, as impresións, as asociacións, cousas que habitualmente non se fan ver nun filme. A miña relación coa espectadora é moi particular. No meu cinema sempre hai lugar para a espectadora, para a súa opinión, para a súa emoción. Non manipulo á espectadora. Non lle digo qué debe sentir ou cómo debe xulgar aos personaxes. Penso que a espectadora valora esa actitude, porén a produtora non.

P. Como nace Mona, a personaxe central de *Sen teito nin lei*?

R. Mona naceu de tres ou catro emocións fortes que non son precisamente Mona. A xente que morre de frío. A crueldade desta morte. Iso rebélame, insúltame. Pertúrbame moito que no noso século con todos os seus adiantos e organizacións sociais, haxa xente soa, non só pobres, senón sen nada, que morren de frío nas rúas. Outro dos elementos que me interesou foi a suciedade. Hai dificultades no diálogo entre un branco e un negro, un rico e un pobre, entre un mozo e un vello, pero entre un sucio e un limpo hai un grande abismo. Hai un problema de olor, de noxo, de decencia. E o terceiro elemento que conforma a personaxe de Mona, xunto aos que morren de frío e a suciedade, é o dos mozos vagabundos sen fogar, sen abrigo. Nese sentido estou máis interesada nos mozos que nos vellos vagabundos. Amais, observei que hai mulleres novas que vagan polos pobos.

P. Mona é nova e bela. A suciedade dos homes e mulleres vellos non conmove aos personaxes do filme. Só a combinación dos valores de beleza e xuventude co sentido da liberdade fan pensar a esta xente no que vai pasar?

R. Dende a primeira vez que as vin comprendín que as mozas vagabundas son moito máis misteriosas, que provocan máis preguntas. Que fai alí totalmente soa, desprotexida? Non ten medo, non ten frío? Pensei que era un tema moi novo, moi impresionante. Pero quero destacar algo. Para min Mona non significa a liberdade. Significa a rebelión. Para min é a persoa que di non. Non se sabe moi ben cara onde vai. Para min a liberdade ten algo de activo. Mona di: quero que me deixen en paz. Non busca nada, nin a idea de liberdade. Só quere facer o que lle apeteza en cada momento e dicir non a todo o demais.

Fietta Jarque, entrevista publicada en *El País* o 26 de abril de 1986.

■ AS DESAGRADECIDAS. PRÓXIMAS SESIÓNS:

Mércores 9 de novembro | 21:30 h

Boudu salvado das augas (*Boudu sauvé des eaux*, Jean Renoir, Francia, 1932, 85', VOSG)

Mércores 16 de novembro | 21:30 h

Cada un para si propio e Deus contra todos [*O enigma de Kaspar Hauser*] (*Jeder für sich und Gott gegen alle*, Werner Herzog, RFA, 1974, 110', VOSG)
Presenta: Proxecto Derriba

Mércores 23 de novembro | 21:30 h

O vídeo de Benny (*Benny's Video*, Michael Haneke, Austria-Suíza, 1992, 105', VOSG)

Mércores 30 de novembro | 21:30 h

A cerimonia (*La cérémonie*, Claude Chabrol, Francia-Alemaña, 1995, 112', VOSG)

■ PROXECCIÓNS

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)
cineclubedecompostela@gmail.com
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclube de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para manter o noso funcionamento, propoñemos unha aportación económica persoal:
Cota mensual traballadores/as: 5 e.
Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e.
Socios/as protectores/as: 75 e./ano

Follas do Cineclube de Compostela | 2 de novembro de 2011